



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA, AENA S.A., ADIF E ADIF ALTA VELOCIDADE,
PARA PROMOVER A INTERMODALIDADE E O TRANSBORDO DE PASAXEIROS
E PASAXEIRAS NO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA, POR
FERROCARRIL E POR VÍA AÉREA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
MEDIANTE A MELLORA DA SINALIZACIÓN E DA INFORMACIÓN AOS
USUARIOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director xeral de mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda,
DECLARA:

Que esta Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia formalizou con AENA, S.A., ADIF, e ADIF Alta Velocidade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 29 de abril de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes para promove-la intermodalidade e o transbordo de pasaxeiros e pasaxeiras no transporte público por estrada, por ferrocarril e por vía aérea, na comunidade autónoma de Galicia, mediante a mellora da sinalización e da información aos usuarios, a fin de conseguir:

- Facilitar a combinación entre os modos de transporte público aéreo e terrestre, xa sexa por estrada ou por ferrocarril en Galicia.
- Garantir unha adecuada información aos usuarios sobre os diferentes medios de transporte público dispoñibles e sobre as súas posibilidades de conexión para organizar os seus desprazamentos.
- Mellora-la sinalización nos puntos de parada, estacións e aeroportos dos medios de transporte público dispoñibles.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- O impulso dun mellor acondicionamento dos puntos de parada e calquera outras instalacións que posibiliten e fagan máis fácil para o usuario o transbordo entre os servizos aéreos ou por ferrocarril e o transporte público por estrada. Procurando a redución dos desprazamentos e a correcta sinalización dos lugares de transbordo.
- Habilitar sistemas de información, tanto nas infraestruturas de transporte como a través de medios telemáticos ou dixitais, que faciliten aos usuarios o coñecemento dos diversos medios de transporte existentes e as posibles conexións dispoñibles para organizar os seus desprazamentos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a de de 20.. (*lugar e data*).

(*asinado dixitalmente*)

